

# XI OLIMPIADA FILOSÓFICA DE GALICIA

## MODALIDADE DE DISERTACIÓN

**Disertación:** Consistirá en elaborar un ensaio ou reflexión persoal argumentada partindo dun texto que trate o tema proposto (**IMPORTANTE!!!** O texto será o que inicie e inspire a disertación, non se trata de realizar un comentario, o texto servirá de "arranque").

### Texto 1

[Os homes libres] gozan do tempo libre ao que ti facías referencia e os seus discursos compóñeos en paz e en tempo de lecer. (...) Os outros, en troques, sempre falan coa urxencia do tempo, pois lles compele o fluxo constante da auga [da clepsidra]. (...) Quen foi educado realmente na liberdade e no ocio é precisamente quen ti chamas filósofo.

PLATÓN: *Teeteto*, 172 d-175 d

### Texto 2

A madurez do ser humano consiste en ter volto atopar a seriedade coa que xogaba na nenez.

NIETZSCHE, F.: *Máis alá do ben e do mal*

### Texto 3

Un home de espírito enxeñoso, aínda na máis absoluta soidade, achará nos seus propios pensamentos unha perfecta distracción, mentres que o continuo cambio procurado pola vida social, os espectáculos, os paseos e as festas é incapaz de librar ao imbécil do aburrimiento que lle atormenta.

SCHOPENHAUER, A.: *O mundo como vontade representación*

### Texto 4

Non é posible vivir con pracer sen vivir sensata, honrada e xustamente; nin vivir sensata, honrada e xustamente sen vivir pracenteiramente. Quen non ten isto a man, non pode vivir con pracer.

EPICURO, *Máximas capitais* 5.

### Texto 5

En definitiva, o que estamos a presenciar é unha 'transvaloración' dos valores políticos e culturais. Do mesmo modo que o camiño marxista cara á revolución tiña os seus líderes nos traballadores industriais, estamos empezando a nos dar conta de que os novos paradigmas poderían ser aquelas persoas que loitan por liberar a súa reprodución do xugo do poder corporativo e preservar a nosa riqueza común nos campos, as cociñas e os pobos pesqueiros de todo o planeta. Tamén nos países industrializados, como ilustra Chris Carlsson en *Nowtopia*, hai cada vez máis persoas na procura de alternativas a unha vida regulada polo traballo e o mercado, porque no réxime da precariedade, o traballo xa non pode ser unha das fontes de identidade e porque estas requiren ser máis creativas. Nesta mesma, as loitas obreiras actuais seguen padróns distintos á folga tradicional, o que reflicte a procura de novos modelos de protesta e novas relacións entre os seres humanos e a natureza. Observamos o mesmo fenómeno no desenvolvemento das prácticas de creación do común coma os bancos del tempo, as hortas urbanas e as estruturas de responsabilidade comunal. Tamén podémolo ver na preferencia por modelos andróxinos de identidade de xénero, a auxe dos movementos transexual e intersexual e rexeitamento *queer* do xénero, que implica o rexeitamento á división sexual do traballo."

FEDERICI, SILVIA, *Reencantar o mundo. O feminismo e a política dos comúns*

### Texto 6

O aburrimiento transformouse, como fan notar numerosos pensadores, na enfermidade contemporánea por excelencia. Descríbeno como un "mal de decadencia" que dá un "gusto anticipado da nada", xa que é a "prefiguración do non-ser" e fai descubrir ao seu suxeito a "vaidade do abismo do seu no-ser-aínda de modo actual". O aburrimiento está intimamente unido á desesperación. É o síntoma da actitude desesperada que non coñece un por-vir e que é expresión dunha morte anticipada. Ao non poder esperar a realización das súas aspiracións, das súas tendencias naturais no por-vir, o ser humano afúndese no absurdo e na desesperación dun regreso á nada da que provén, dunha autodisolución. O mundo aparece como morto para quen é alcanzado polo aburrimiento fundamental. Toda finalidade desaparece. Reciprocamente, sen esta actitude de desesperación, o verdadeiro aburrimiento non ten lugar.

SCHUMACHER, BERNARD N.: *O home de ocio: parasito ou transformador do mundo*

## XI OLIMPÍADA FILOSÓFICA DE GALICIA MODALIDADE DE DISERTACIÓN

**Disertación:** Consistirá en elaborar un ensaio ou reflexión persoal argumentada partindo dun texto que trate o tema proposto (**IMPORTANTE!!!** O texto será o que inicie e inspire a disertación, non se trata de realizar un comentario, o texto servirá de "arranque").

### Texto 7

Hai unha barbarie indíxena, propia do sangue norteamericano, na forma en que os americanos loitan polo ouro e a súa présa sen alento por traballar sen descanso —o verdadeiro vicio do novo mundo— que xa está a comezar a contaxiar e tolear á vella Europa, estendendo nela unha falta de enxeño realmente singular. Un agora avergóñase de descansar; ao que se entrega a unha longa contemplación case que lle remorde a conciencia. Un pensa co reloxo na man, e xántase coa mirada posta na bolsa de valores. Vívese coma se en calquera momento “fose a se perder” algo. O principio de que “é mellor facer algo ca non facer nada” representa unha corda que estrangula toda cultura e todo gusto superior. E do mesmo xeito que con este afán de traballar da xente se esfuman visiblemente as formas, desaparece tamén a sensibilidade en si cara ás formas, así como o oído e o ollo pola melodía dos movementos. Proba disto é esa vulgar claridade que agora se esixe en todas partes, en todas as situacións en que unha persoa quere ser honesta cos demais, no trato cos amigos, as mulleres, os parentes, os nenos, os mestres, os alumnos, os líderes e os príncipes. Xa non se ten tempo nin forzas para as cerimoniais, nin para a cortesía con rodeos, nin para as conversacións enxeñosas, nin, en xeral, para todo o otium. Porque unha vida dedicada á caza de ganancias obriga continuamente á intelixencia a se consumir ata o esgotamento, en perpetua simulación, engano ou anticipación de vantaxe: a verdadeira virtude agora é facer algo en menos tempo ca outro. E así, de cando en cando hai horas de honestidade permitidas, e nelas un está tan canso que non só desexa “deixarse levar”, senón tamén tombarse preguizosamente. De acordo con esta tendencia redáctanse hoxe as cartas, cartas cuxo estilo e espírito serán sempre “o signo da época”. Se se segue atopando pracer na vida social e nas artes, é no sentido dos escravos embrutecidos polas súas pesadas faenas. Que mágoa esta frugalidade de “ledicias” nos nosos cultos e incultos! Esta crecente sospeita de toda alegría! O traballo monopoliza crecentemente a tranquilidade de conciencia. Á inclinación pola felicidade chámalla xa “necesidade de descanso”, e empeza a verse como motivo de vergoña. “Hai que pensar na saúde”, así se xustifica un cando o pillan nunha viaxe ao campo. Si, pronto pode chegar o día en que non se entregue un á vida contemplativa (é dicir, a saír a pasear cos pensamentos e cos amigos) sen ter remorso de conciencia e sentir desprezo por un mesmo. Pois ben! Antes era todo o contrario; era o traballo o que soportaba o peso da conciencia culpable. Cando unha persoa de orixe nobre se vía obrigada a traballar, ocultábase. O escravo traballaba obsesionado pola idea de que facía algo desprezable. O “facer” mesmo era algo desprezable. “O único nobre e honroso é o otium e o bellum”, esa era a voz do antigo prexuízo!

FRIEDRICH NIETZSCHE, *A Gaya Ciencia* (1882) Libro Cuarto, sección 329: Lecer e Inactividade

### Texto 8

O meu libro *Bo Entretemento* non é apocalíptico. Nel refírome ao xogo. Baixo a presión de ter que traballar hoxe esquecémonos de como se xoga. O lecer só serve hoxe para descansar do traballo. Para moitos o tempo libre non é máis que un tempo baleiro, un *horror vacui*. Tratamos de matar o tempo a base de entretementos cutres que aínda nos aparvan máis. O estrés, que cada vez é maior, nin sequera fai posible un descanso reparador. Por iso sucede que moita xente ponse enferma xustamente durante o seu tempo libre. Esta enfermidade chámase *leisure sickness*, enfermidade do lecer. O lecer converteuse nun insufrible non facer nada, nunha insoportable forma baleira do traballo. Incluso o xogo foi absorbido hoxe polo traballo e o rendimento. O traballo ludifícase. É dicir, as ganas que todos temos de xogar ponse ao servizo do traballo, que as explota e saca partido delas. Supondo que aínda quede un entretemento á marxe do traballo, degrádase a unha mera desconexión mental, que é calquera cousa menos bo entretemento. Temos a tarefa de liberar o xogo do traballo. A sociedade futura será unha sociedade do xogo.

BYUNG-CHUL HAN